

Sr. Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
Edificio Administrativo San Caetano
San Caetano s/n
15704 – SANTIAGO DE COMPOSTELA

Expediente: D.3.Q/29027/17
(relac. cos exptes. D.3.Q/22554/14
e D.3.Q/22434/17)

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2017

Sr. conselleiro:

No mes de outubro de 2014 iniciouse un expediente de queixa como consecuencia do escrito dunha nai de tres fillos, de 20, 18 e 5 anos de idade, á que non se computaban os seus fillos maiores de idade na unidade familiar, malia tratarse dunha familia numerosa oficialmente recoñecida e ter o título de familia numerosa en vigor por convivir todos eles na vivenda e depender economicamente dos proxenitores por estar cursando estudos.

Na tramitación dese expediente solicitouse informe á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e á Consellería de Política Social. Como conclusión da correspondente investigación, o 27 de abril de 2015 (Rexistro de saída 4435/15), formulamos a ese órgano unha suxestión nos seguintes termos:

Que por parte desa consellería se estude a posibilidade de configurar a unidade familiar a efectos do cálculo da renda familiar anual per cápita para o pago das cotas do comedor escolar seguindo o mesmo criterio que o establecido nas axudas para a adquisición de libros de texto destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria ou educación especial, en centros sostidos con fondos públicos e, polo tanto, se inclúan como membros computables da unidade familiar os fillos ou fillas solteiros menores de vinte e cinco anos e que convivan no domicilio familiar.

Con data 28/09/2015 (rexistro saída 91936 / RX 1279921) recibíuse a contestación desa consellería na que comunicaba o seguinte:

En relación con esta proposta, estamos en condicións de trasladarlle a esa institución que se están a estudar os camiños máis viables de cara a articular unha medida común para varios departamentos da Xunta de Galicia no sentido apuntado na súa suxestión.

Volveráselle informar sobre este asunto en canto a posta de marcha da devandita medida de carácter institucional acade o grao de madurez suficiente que permita dispoñer de información máis concreta ao respecto

Pola súa banda, formulouse á Consellería de Política Social unha recomendación que foi contestada o día 29 de abril de 2016 (Saída 47112/RX 593865) informando o seguinte:

“A Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica vai manter una reunión coa Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria co fin de que se valore a posibilidade de modificar o Decreto autonómico 132/2013, do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación, en orde a introducir descontos ás familias numerosas, ou ben a considerar incluídos dentro da unidade familiar, para os efectos do cálculo da renda per cápita, a todos os fillos/as solteiros menores de 25 anos que convivan no domicilio familiar.

En todo caso, do resultado destas primeiras actuacións darase conta á Valedora do Pobo.”

Tras requirirle reiteradamente a ambas consellerías unha resposta detallada na que se concretaran as medidas a adoptar, en novembro de 2016 a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria respondeu que dada a dificultade de achar unha solución axeitada que permitira conxugar o respecto á legalidade vixente, co cumprimento das obrigas que a Administración educativa ten na súa calidade de xestor tributario do prezo público "comedores escolares" co erario público, seguíase na actualidade desenvolvendo liñas de actuación en colaboración coa Consellería de Política Social e a Axencia Española de Administración Tributaria.

Pola súa parte, no mes de decembro, a Consellería de Política Social achegou súa resposta na que manifestaba que, en relación coa recomendación formulada por esta institución, a Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica informou o 29 de abril que ía manter una reunión coa Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria co fin de que se valorase a posibilidade de modificar o Decreto autonómico 132/2013, do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes desa consellería en orde a introducir descontos ás familias numerosas, ou ben a considerar incluídos dentro da unidade familiar, para os efectos do cálculo da renda per cápita, a todos os fillos/as solteiros menores de 25 anos que convivan no domicilio familiar. Esa Dirección Xeral comprometeuse a dar conta á Valedora do Pobo do resultado destas primeiras actuacións.

A indicada reunión tivo lugar o 1 de xuño de 2016 e nela a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria manifestou que:

-O único modo fiable do que dispón a Consellería de Educación para calcular a renda familiar é o da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT).

-O Estado non modificou a normativa tributaria para adaptala á modificación do concepto de familia numerosa introducida pola Lei de modificación do sistema de atención á infancia e á adolescencia.

-O Decreto autonómico 132/2013 de comedores escolares xa contempla unha bonificación exclusiva para familias numerosas de modo que todas, con independencia da renda, pagan un 1 € diario (a tarifa xeral de comedor é de 4,5 €/día) polo servizo. (Esta medida non a consideran xusta porque non responde ao criterio da capacidade económica das familias).

Transcorrido un ano desas respostas e tres desde que se iniciou o expediente, as recomendacións non teñen sido rexeitadas pero a administración non adoptou aínda ningunha medida que contemple bonificacións no comedor escolar ás familias numerosas, entendendo por tales aquelas que teñen esa condición acreditada pola posesión do título de familia numerosa. Cómpre matizar que o Decreto autonómico 132/2013 de comedores escolares non contempla unha bonificación exclusiva para familias numerosas de modo que todas, con independencia da renda, pagan un 1 € diario.

En realidade, serán beneficiarios de bonificación para comedor, agás na contía dun euro que se aboará por día de servizo, os alumnos cuxa renda familiar neta anual per cápita se atope nas seguintes condicións:

Unidades familiares con tres ou máis menores que cursen ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil e renda anual neta per cápita igual ou superior a 7.000,01 €.

Non se refire a todas ás familias numerosas xa que quedan excluídas as familias numerosas con título en vigor nas que non haxa tres ou máis menores de idade. Un menor de idade que este no título de familia numerosa non se beneficia da bonificación se os seus irmáns son maiores de idade, aínda que se trate dunha familia numerosa de categoría especial.

Xunto con isto, temos noticia do problema das familias monoparentais nas que os fillos son usuarios de comedores xestionados por administracións locais que non inclúen na regulación do servizo a mesma previsión respecto destas familias que os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación. Así, dáse o caso de que unha familia monoparental dun centro educativo público no que o comedor esta xestionado por un concello pode non ter as mesmas condicións que se o comedor estivese xestionado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. No expediente D.3.Q/22434/17 os fillos xemelgos dunha familia monoparental non teñen desconto no comedor por estar escolarizados no concello no que a nai ten o seu posto de traballo (Ferrol), que non é aquel no que están empadroados (Narón), tendo o centro escolar (o CEIP A Laxe, en Valón, Ferrol) o seu comedor xestionado polo concello de Ferrol. Achégase copia do informe recibido.

Porén, a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia enumera no artigo 9 os grupos de familias de especial consideración, como merecedoras dunha protección máis intensa. Entre elas, as familias numerosas e as familias monoparentais. A condición de familia numerosa acreditarase mediante o título oficial establecido para o efecto, que será outorgado cando concorran os requisitos establecidos no artigo 2 da Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección das familias numerosas, por pedimento de calquera dos ou das ascendentes, das persoas que exerzan a tutela, garda ou acollemento, ou doutro membro da unidade familiar con capacidade legal. Enténdese por familia monoparental o núcleo familiar composto por un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e os fillos ou as fillas menores ao seu cargo, sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento.

O artigo 18 establece un trato preferente dos membros das familias de especial consideración nos seguintes ámbitos, segundo o que se estableza na normativa sectorial correspondente:

a) No ámbito educativo e formativo na educación non universitaria sostida con fondos públicos: na concesión de bolsas, axudas ou bonificacións para libros, material escolar, comedores e transporte en todas as etapas da educación non universitaria.

Polo exposto anteriormente iniciase a correspondente investigación sumaria e informal para o esclarecemento destas situacións. En concreto solicitamos desa consellería que no prazo de 15 días, de acordo co previsto no art. 22.1 da Lei do Valedor do Pobo, nos facilite información, no ámbito das súas competencias, sobre as seguintes cuestións:

Cal ou cales teñen sido as medidas adoptadas ou que se van adoptar para concretar o trato preferente das familias numerosas con título vixente, e as familias monoparentais no pago das cotas de comedor escolar en centros sostidos con fondos públicos, con independencia da administración pública que xestione o comedor, ao abeiro da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

Agradézolle a remisión do preceptivo informe e saúdoo atentamente.

Milagros M^a Otero Parga
Valedora do Pobo

Sr. Conselleiro de Cultura, Educación e
Ordenación Universitaria
Edificio Administrativo San Caetano
15704 – SANTIAGO DE COMPOSTELA

Expediente: D.3.Q/29027/17
(Relacionada cos exptes. D.3.Q/22554/14 e D.3.Q/22434/17)


Santiago de Compostela, 21 de decembro de 2017

Sr. conselleiro:

Por mor da queixa de oficio iniciada nesta institución sobre prezo dos comedores escolares para familias numerosas e monoparentais, o 21 de novembro requiriuse informe a esa consellería.

Transcorrido amplamente o prazo de 15 días establecido no artigo 22 da Lei do Valedor do Pobo sen recibir o seu informe, requíreselle a través deste escrito para que dea cumprimento urxente ao preceptuado na citada lei autonómica (adiantando o informe vía fax ou e-mail). Recórdaselle especialmente a obriga de todos os poderes públicos de Galicia de prestar o auxilio e colaboración que lles sexan demandados por esta institución nas súas investigacións e actuacións (art. 26.1 da citada Lei).

Reciba un atento saúdo.

The image shows a handwritten signature in blue ink that reads "Milagros Otero". To the right of the signature is a rectangular blue official stamp. The stamp contains the text "Valedor do Pobo" in a bold, sans-serif font, with "Galicia" written in a smaller font below it. There are also three small blue circles arranged vertically to the left of the text.

Milagros Mª Otero Parga
Valedora do Pobo

Sr. Conselleiro de Cultura, Educación e
Ordenación Universitaria
Edificio Administrativo San Caetano
15704 – SANTIAGO DE COMPOSTELA

Expediente: D.3.Q/29027/17
(Relacionada cos exptes. D.3.Q/22554/14 e D.3.Q/22434/17)


Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2018

Sr. conselleiro:

Por mor da queixa de oficio iniciada nesta institución sobre prezo dos comedores escolares para familias numerosas e monoparentais, os días 21 de novembro e 21 de decembro de 2017, requiriuse informe a esa consellería, a última vez requirindo o seu envío con urxencia (adiantándoo vía fax ou e-mail).

A pesar diso aínda non se recibiu o informe reiteradamente demandado, polo que de novo se require o seu envío urxente (e que se adiante por fax ou e-mail). Recórdaselle especialmente a obriga de todos os poderes públicos de Galicia de prestar o auxilio e colaboración que lles sexan demandados por esta institución nas súas investigacións e actuacións (art. 26.1 da Lei do Valedor do Pobo). No caso de persistir o atraso no cumprimento desa obriga legal procederemos a formular unha advertencia sobre as súas consecuencias legais.

Reciba un atento saúdo.



Milagros Mª Otero Parga
Valedora do Pobo